

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, integrante do grupo parlamentario da **Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa á non publicación dos datos actualizados das declaracións do IRPF do presidente da Xunta de Galicia.

A democracia como réxime político precisa desenvolver os mecanismos que garantan á cidadanía dispor da información necesaria para adoptar as súas decisións. Desgrazadamente neste réxime político abundan zonas de escuridade que facilitan actuacións contrarias ao interese xeral. Mesmo nestes anos de crise e recesión soportamos con indignación a trama de escándalos de corrupción política-empresarial, que afectan ao núcleo dos partidos do réximen e que provocan na cidadanía – sometida a meirande onda de violencia material dende a fin da ditadura – unha fonda desafección.

Unha democracia que queira ser tal precisa, pois, deitar luz sobre todos os aspectos da vida pública e en particular sobre as actividades, intereses, bens e patrimonios dos responsables da res publica. Aquelas persoas que escollen o noble exercicio da política teñen que aceptar seren escrutadas de xeito riguroso pola cidadanía.

Esa esixencia de claridade non ten acubillo suficiente na lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia, ou agarda cal vai ser a aplicación práctica do contemplado na recente reforma do Regulamento do Parlamento Galego, que no seu apartado cuarto prescribe a publicidade das actividades e bens dos integrantes do Parlamento Galego.

O actual presidente da Xunta facía pública no mes de marzo do 2013 a súa última, daquela, declaración do IRPF, a correspondente ao ano 2011. Apelou entón a “esixencia moral” da transparencia. Dende entón, e malia transcorrer varios exercicios fiscais, non voltou a facer pública a súa declaración á facenda pública nin semella que experimentou esa esixencia moral.



Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Que razóns explican a non publicación na páxina web da Xunta de Galicia das últimas declaracións fiscais do presidente da Xunta e do seu patrimonio, tendo en conta a súa consideración do 2013 acerca da “esixencia moral” que comportaba facelas públicas?

En Compostela, a 26 de agosto do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 26/08/2015 11:29:10